

Vigo, 29 de agosto 2019

Ás familias do alumnado:

As clases comezarán o mércores día 11 de setembro, para Educación Infantil e Primaria, e o luns día 16 para ESO.

Entrada ás 9:15 horas e saída ás 14:45 horas.

Haberá **servizo de comedor**, desde o remate das clases ata as 16 horas, atendido por profesorado da Escola e servido por Arelas Cátering. Tamén funcionará o servizo de **Aula Matinal**, a partir **das 8:00 horas** da mañá. As familias interesadas nalgún destes servizos deberedes inscribir ao alumnado antes do comezo das clases, mediante chamada ao Colexio. Funcionarán desde o mesmo día 11.

Antes do comezo das clases poñerémonos en contacto cos usuarios do transporte escolar para determinar paradas e horarios.

A roupa, mandilóns (calquera modelo), chándal (o da Escola adquirese en **Deportes Balbi**, Fragoso 41, 986234147), chaquetas, chubasqueiros... deben levar o nome e primeiro apelido completos (para evitar perdas) e **unha cinta** para colgalos.

Aconséllase que o primeiro día de clase o alumnado traia só os libros, sen forrar e sen o nome posto, para comprobar se son os indicados. Ao alumnado de Primaria daráselles o material que facilita a Escola como as libretas, os lapis... O alumnado que encargou os libros en Librería Andersen recibirán os mesmos os primeiros días de clase.

Por razóns de seguridade non se poderá acceder ao recinto escolar cos automóviles particulares. Lembramos que existe un aparcadoiro xunto ao edificio de Secundaria para as familias do alumnado.

Saúdos

Andersen
colexio



Asdo.: José Méndez Güenaga
Director da Escola